

Convocatoria de sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial para o vindeiro venres, 27 de setembro de 2024.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 o Pleno debe realizar sesión ordinaria cunha periodicidade mensual.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** do Pleno da Corporación Provincial, nos seguintes termos:

DÍA: 27 de setembro de 2024

HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*

LUGAR: Salón de Plenos do Pazo Provincial

** Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.*

A **orde do día** da sesión será a seguinte:

1. 2024/8P/PLENO PRESIDENCIA

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 24 de xullo de 2024.

2. 2023/2545C PRESIDENCIA

Modificación das condicións do acordo de cesión á Xunta de Galicia do uso da superficie que ocupa o Aeródromo de Antela (10,09 Ha).

3. 2024/12899L PRESIDENCIA

Modificación das tarifas do servizo de estacionamento no aparcamento en terreos anexos ao Hospital Santa María Nai.

4. 2024/13039K PRESIDENCIA

Expediente de modificación núm. 2/2024 consistente na modificación da base 5ª das de execución do orzamento do INORDE (inclusión de subvencións nominativas).

5. 2024/2290J PRESIDENCIA

Rectificación do acordo adoptado polo pleno provincial en sesión do 31 de maio de 2024, consistente na aprobación do convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Porqueira para o financiamento, execución e entrega das obras de mellora de saneamento e depuración dos núcleos de poboación do termo municipal de Porqueira (Ourense), PDM Miño-Sil ES010_3_CHCH0SCET29SR2456.

6. 2024/11152C PRESIDENCIA

Cambio de titularidade a prol do Concello de Vilamartín de Valdeorras (Ourense) dun treito da estrada OU-0807 Vilamartín (N-536) - San Vicente.

7. 2024/12555C PRESIDENCIA

Moción de DO para a redución da achega económica da Deputación a determinados eventos.

8. 2024/12984N PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular relativa á difícil situación que están a vivir os viticultores da D.O. Ribeira Sacra.

9. 2024/13044A PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para a inmediata posta en marcha dun plan de axudas dirixidas aos gandeiros con explotacións afectadas pola enfermidade hemorráxica epizoótica.

10. 2024/12556K PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular relativa á difícil situación que está a atravesar o grupo Indea (antigo Hispamoldes) e, en xeral, o sector auxiliar da automoción na provincia de Ourense.

11. 2024/13045G PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para contribuír ao mantemento e mellora do servizo de axuda no fogar prestado polos concellos ourensáns.

12. 2024/13023M PRESIDENCIA

Moción do BNG ante os proxectos mineiros Novo Arboim, Novo Frixo e Novo Cima.

13. ASUNTOS DE URXENCIA.

14. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

- Dación de conta da relación de decretos dos meses de xullo e agosto de 2024.
- Dación de conta das modificacións no Plan CooperoOU a instancias dos concellos.

15. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.